



TAREFAS RECOMENDADAS PARA A SEMANA DO 18 Ó 22 DE MAIO

Esta semana vos convidamosvos a que vos convirtades en exploradores e exploradoras do medio ambiente, apetécevos descubrir cantos bichiños hai na natureza agora que estamos na primavera? Pois estade ben atentos e abride ben os ollos para ir solucionando as propostas que vos imos presentar.

Comezamos?... estades preparados e preparadas?

LECTOESCRITURA:

Se cos bichos te queres divertir escoita este conto co que non te vas aburrir!!!

https://youtu.be/CfzEpFwj1_E

Despois de escoitar o conto podes observar as características de tódolos animais que saen no conto, debuxalos, escribir os seus nomes e fixarte nas rimas que fan con eles, contar tódolos animais que saen no conto, descubrir as diferencias entre eles,...

Por outra banda no conto fan unha torta de amora e como sabemos que neste tempo de confinamento estades cociñando moitísimo, ocorréusenos facer un RECETARIO:

"CONFI-RECEITAS DE RAXÓ". Qué tendes que facer? Pois moi sinxelo, escollede unha receita que fixerades na casa coa vosa familia e basándovos nunha ficha técnica que adxuntaremos, escribir (cada un como saiba e poida, algúns poderán escribir só o título e outros título e ingredientes e outros ó mellor se animan a escribir toda a receita, pero non os forcedes, que o fagan pouco a pouco como unha actividade na que disfruten e sen agobiarse) e debuxar ou pegar unha foto da receita, cando rematedes facédelle unha foto ó voso traballo e mandala para que poida recompilar todas as receitas e facelo libro. Unha vez que teña o libro feito enviaréivolo e así compartimos todas as ricas receitas que fixestes.

E agora por se queredes xogar un pouquiño co ordenador e coas letras deixámosvos un enlace dunha proposta de lectura global de aulas galegas.org

<https://aulasgalegas.org/lectura-global/>





E agora que xa traballamos un pouco co conto da mosca que vos parece unha carreira de bichos?

LÓXICO-MATEMÁTICA:

Para realizar esta actividade presizamos un dado, un folio, un rotulador e dous tapóns de botella.

Cos tapóns podedes crear dous insectos, neste caso fixemos unha xoaniña e unha araña. Co folio facedes dous carteis un para a saída e outro para a meta.



Unha vez que teñades iso listo, colocar os insectos no chan e indicar o punto de saída e meta.

Cal dos dous insectos chegará antes?. Para adiviñalo, teredes que tirar o dado e avanzar dando tantos saltiños co bicho como o número que saia no dado. Podedes establecer un salto por cada baldosa por exemplo. Variante: empregar dous dados e sumar para dar os saltos.




EXPRESIÓN MUSICAL E ORAL



E agora toca botarlle unha baila ao ritmo do "piollo e a pulga" de Pablo Díaz, escoitade ben a canción e contade cantos animais saen na canción, xogade a convertirvos no piollo e na pulga coa axuda das vosas familias e dramatizade a canción, pero sobre todo bailade en familia e pasádeo moi ben.

https://youtu.be/z_VY-mUosME

E despois do baile nada mellor que dar un paseo tranquilo coa vosa familia e convertirvos en **EXPLORADOR@S!!!**



CIENCIA: Este reto require moita atención e observación así que agudizade os vosos sentidos e durante o paseo aproveitade para buscar bichiños, observalos, sacarlle fotos ou incluso podeades levar unha pequena libreta e un lápiz para debuxalos, fixédevos na súa cor, na forma do corpo, se teñen patas ou non, antenas,... e contade cantos bichos vedes de cada porque despois teredes que facer reconto escribindo o nome do bicho e a cantidade desa especie que vistes, por ex : CARACOL → 5,... Pero non vos preocupedes que adxuntarmos unha ficha técnica para que vos poidades orientar.





E seguro que con tanta tarefa xa vos apreta a fame... pois mirade que receita vos toca cociñar esta semana!!



COCIÑA:

Esta semana cociñamos dunha forma moi divertida, imos a crear con distintos tipos de froita insectos.

Os ingredientes que precisamos son froita variada: kiwis, plátanos, mango, melón, sandía, arándanos, fresa... Aquí tedes uns exemplos :



A crear os vosos insectos e degustalos, están deliciosos. ¡Bo proveito nenos e nenas!

ARTE:



Qué vos parece agora se empregamos os dedos para crear bichiños?

Presisades: témperas de cores, papel e os teus dedos.

Cómo tedes que facer?: pintade as xemas dos dedos e estampádeas no papel intentando formar diferentes bichos coma por exemplo estes que vos deixamos de modelo pero tamén podedes crear vós os vosos!!



E despois de tanto traballar toca un pouquiño de relax, así que vos deixamos un enlace para que durante a semana vos relaxedes coma facíamos na escola practicando un pouco de ioga.

MOTRICIDADE:



<https://youtu.be/sIbdc-INXjU>